

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

9877 *REAL DECRETO 688/2005, do 10 de xuño, polo que se regula o réxime de funcionamento das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social como servizo de prevención alleo. («BOE» 139, do 11-6-2005.)*

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, introduciu un profundo cambio na maneira que ata entón se tiña de entender e aplicar a prevención, nun dobre sentido: dunha parte, integrándoa no conxunto de actividades e decisións que se adoptan no seo da empresa, e doutra, mediante o establecemento duns novos mecanismos ou instrumentos, cuxa utilización polo empresario lle permitise determinar a necesidade de adoptar medidas preventivas e coñecer, en tal caso, cales terían que ser as devanditas medidas.

A aplicación da actividade preventiva na empresa estrutúrase, desde este novo enfoque, a través das modalidades de organización da devandita actividade que na citada lei se regulan e que foron posteriormente desenvolvidas polo Regulamento dos servizos de prevención, aprobado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro.

Entre as modalidades de organización da actividade preventiva regúlanse, no artigo 31 da lei, os chamados servizos de prevención, que poden ser propios da empresa ou alleos a ela, e que se definen como «o conxunto de medios humanos e materiais necesarios para realizar as actividades preventivas co fin de garantir a adecuada protección da seguridade e a saúde dos traballadores, asesorando e asistindo para iso o empresario, os traballadores e os seus representantes e os órganos de representación especializados.»

Co fin de outorgar un conxunto suficiente de posibilidades para organizar de maneira racional e flexible o desenvolvemento da acción preventiva —incluída a eventual participación das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social como sinala a exposición de motivos da Lei 31/1995, do 8 de novembro—, o artigo 32 da lei autorizou as mutuas para desenvolver, en relación coas empresas a elas asociadas, as funcións correspondentes aos servizos de prevención alleos, con suxeición aos mesmos requisitos que os restantes servizos de prevención de tal carácter.

Dada a natureza de entidades colaboradoras na xestión da Seguridade Social das mutuas, así como a afectación aos fins da Seguridade Social dos medios e recursos que aquelas xestionan, e tendo en conta a natureza privada da nova actividade preventiva autorizada ás mutuas pola Lei 31/1995, do 8 de novembro, pola Orde ministerial do 22 de abril de 1997, procedeuse, con carácter provisional, a delimitar ambas as actividades, e autorizouse a utilización dos medios persoais e materiais afectos aos fins da colaboración na xestión da Seguridade Social para o desenvolvemento desta nova actividade privada, ben que condicionada ao aboamento á Seguridade Social dun canon como contraprestación.

Porén, o desenvolvemento polas mutuas da actividade como servizos de prevención alleos nas condicións indicadas, coa utilización compartida de medios, veu a introducir un obstáculo que dificulta considerablemente as tarefas de control das devanditas entidades na súa

condición de colaboradoras na xestión da Seguridade Social, como puxeron de relevo o Tribunal de Contas e a Intervención Xeral da Seguridade Social nos informes emitidos durante os últimos anos, en que tamén se sinalou a restrición á libre competencia que supón a actuación das mutuas, en tales condicións, en relación cos restantes servizos de prevención alleos.

O anterior, unido á inexistencia dun desenvolvemento regulamentario do artigo 32 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, fai necesaria a elaboración deste real decreto, que responde así a un dobre obxectivo: dar solución, por unha parte, aos problemas indicados, e desenvolver, ao propio tempo, a autorización legal conferida ás mutuas para actuar como servizos de prevención alleos, que non foi obxecto de desenvolvemento regulamentario ata a data.

Pártese para iso de precisar a diferenza entre a actividade preventiva que desenvolven as mutuas dentro do ámbito da Seguridade Social, e a que corresponde á súa actuación voluntaria como servizos de prevención alleos; para tales efectos, modifícanse o artigo 22 do Regulamento dos servizos de prevención, aprobado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, e os artigos 13 e 37 do Regulamento xeral sobre colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro.

A regulación propiamente dita do funcionamento das mutuas como servizo de prevención alleo ten lugar a través da nova redacción do artigo 13 do referido regulamento xeral, para a que se tiveron especialmente en conta as observacións formuladas polo Tribunal de Contas e pola Intervención Xeral da Seguridade Social. Este artigo, tras facer referencia á actividade preventiva que as mutuas desenvolven no ámbito da Seguridade Social, de conformidade co establecido no artigo 68 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, establece que a actividade preventiva voluntaria de cada mutua como servizo de prevención alleo se poderá levar a cabo a través dunha persoa xurídica distinta da mutua e vinculada a esta, chamada sociedade de prevención, ou ben pola propia mutua mediante unha organización específica, de conformidade co establecido na normativa sobre prevención de riscos laborais, que sexa independente da correspondente ás funcións e actividades da colaboración na xestión da Seguridade Social, todo iso para preservar a separación dos medios da Seguridade Social utilizados polas mutuas na súa dobre actividade. Así mesmo, leva a cabo a regulación das obrigas e limitacións das sociedades de prevención e das organizacións específicas mencionadas, que serán de aplicación en tanto as devanditas mutuas realicen actividades como servizos de prevención alleos a través das modalidades indicadas.

Establécense nas disposicións transitorias as condicións e os requisitos necesarios para que as sociedades de prevención ou as propias mutuas, a través da necesaria organización específica, poidan desenvolver actividades preventivas, así como o proceso de segregación da sociedade e separación, en ambos os casos, dos medios adscritos á colaboración na xestión da Seguridade Social, e regúlanse igualmente outros aspectos relacionados coa devandita separación.

Na elaboración deste real decreto foi oída a Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo e foron consultadas as organizacións sindicais e asociacións empresariais máis representativas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Asuntos Sociais, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de xuño de 2005,

DISPÕÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento xeral sobre colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.*

O Regulamento xeral sobre colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, modifícase nos seguintes termos:

Un. O artigo 13 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 13. *Actividades preventivas.*

1. As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, na súa condición de colaboradoras na xestión da Seguridade Social, poderán desenvolver actividades para a prevención dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais a favor das empresas asociadas e dos seus traballadores dependentes e dos traballadores por conta propia adheridos que teñan cubertas as contingencias citadas, nos termos e condicións establecidos no inciso primeiro do artigo 68.2.b) do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, neste regulamento e nas súas disposicións de aplicación e desenvolvemento.

Destas actividades, que non implican atribución de dereitos subxectivos a favor dos devanditos colectivos, quedarán excluídas aquelas obrigas que os empresarios deban desenvolver a través dalgunha das modalidades de organización da actividade preventiva, en cumprimento do establecido na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.

As mutuas poderán establecer centros e instalacións para a dispensación das actividades previstas neste punto. A creación, modificación e supresión destes requirirán autorización previa do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, nos termos establecidos nos artigos 26 a 29. O anterior será tamén de aplicación aos supostos en que tales centros e instalacións se destinen ao desenvolvemento da actividade da mutua como servizo de prevención alleo de conformidade co previsto no punto 2.b).

2. As funcións que as mutuas poidan desenvolver como servizos de prevención alleos para as súas empresas asociadas son distintas e independentes das actividades reguladas no punto anterior e rexeranse polo disposto na Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, e nas súas normas regulamentarias de desenvolvemento, así como polo establecido neste artigo e nas súas disposicións de aplicación e desenvolvemento.

As actividades que as mutuas pretendan realizar como servizos de prevención alleos poderanse desenvolver a través dunha das seguintes modalidades:

a) Por medio dunha sociedade anónima ou de responsabilidade limitada, denominada sociedade de prevención, que se rexerá polo disposto na lexislación mercantil e demais normativa que lle sexa aplicable, sen prexuízo do sinalado no parágrafo primeiro deste punto.

b) Directamente pola mutua, a través dunha organización específica e independente da correspondente ás funcións e actividades da colaboración na xestión da Seguridade Social.

O exercicio da referida opción, así como a constitución, se é o caso, da sociedade de prevención, deberá ser aprobada pola xunta xeral da mutua cos requisitos e formalidades exixidos para a reforma dos seus estatutos e con suxeición ao establecido neste artigo e nas súas normas de aplicación e desenvolvemento.

3. No suposto de que a mutua opte pola alternativa establecida no punto 2.a), a autorización e o desenvolvemento da actividade das sociedades de prevención axustaranse ao cumprimento dos seguintes requisitos:

a) O obxecto social das sociedades de prevención, cuxo capital pertencerá integramente a unha mutua, será, única e exclusivamente, a actuación como servizo de prevención alleo para as empresas asociadas á mutua correspondente.

b) A súa denominación social incluírá o termo "sociedade de prevención" e non poderá incluír o de "mutua" nin a expresión "mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social" ou o seu acrónimo "MATEPSS", salvo para facer referencia á súa vinculación á mutua que sexa titular do seu capital social.

c) Para constituír o capital social da sociedade, a mutua promotora daquela poderá realizar achegas en diñeiro e non en diñeiro con cargo ao seu patrimonio histórico, segundo se define no artigo 3. As achegas futuras á referida sociedade con cargo ao devandito patrimonio estarán suxeitas ás limitacións establecidas na normativa de aplicación.

Os títulos recibidos polas mutuas en virtude das devanditas achegas pasarán a formar parte do seu patrimonio histórico.

d) A actividade das sociedades de prevención desenvolverase con total independencia e autonomía dos servizos de que dispoñan as mutuas para a prevención dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais a que se refire o punto 1. Para estes efectos, deberá dispoñer da organización, as instalacións, o persoal propio e os equipamentos necesarios para o desenvolvemento da actividade.

As sociedades de prevención poderán subcontratar a realización de actividades preventivas nos termos previstos na normativa reguladora da prevención de riscos laborais.

e) Os rendementos procedentes das sociedades de prevención percibidos polas mutuas seguirán o réxime establecido para os ingresos do seu patrimonio histórico.

f) Os membros da xunta directiva, os directores-xerentes, xerentes ou asimilados, ou calquera outra persoa que exerza as funcións de dirección executiva dunha mutua, non poderán exercer como administradores das sociedades de prevención. Así mesmo, os administradores das sociedades de prevención estarán suxeitos, en relación coa mutua que posúa o seu capital social, ás prohibicións establecidas no artigo 76 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Será de aplicación ás mutuas e ás sociedades de prevención, na súa condición de servizo de prevención alleo, o establecido en materia de incompatibilidades no artigo 17.c) do Regulamento dos servizos de prevención, aprobado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro.

g) A actuación desenvolvida pola mutua en canto socio dunha sociedade de prevención estará sometida ao control e seguimento da comisión regulada no artigo 37 deste regulamento, nos ter-

mos establecidos no último parágrafo do punto 3 do devandito artigo.

En todo caso, á Intervención Xeral da Seguridade Social corresponderánlle as competencias establecidas na súa normativa de aplicación.

4. No suposto establecido no punto 2.b), o desenvolvemento das funcións e actividades como servizo de prevención alleo axustarase ás regras que seguidamente se sinalan, nos termos e condicións que se establezan nas normas de aplicación e desenvolvemento:

a) A organización específica destinada a tal fin deberá dispoñer das instalacións, o persoal e o equipamento necesarios para o desenvolvemento das funcións e actividades do servizo de prevención, sen que poida utilizar os medios humanos e materiais e inmateriais adscritos á colaboración na xestión da Seguridade Social.

b) A mutua levará contabilidade separada da actividade desenvolvida pola devandita organización específica respecto da relativa á xestión da Seguridade Social e do patrimonio histórico por actividades distintas das correspondentes ao servizo de prevención alleo. A xestión da devandita organización específica estará suxeita ao control interno da Intervención Xeral da Seguridade Social nos termos establecidos na normativa de aplicación.

5. O cesamento nas actividades que como servizo de prevención alleo desenvolvan as mutuas a través das modalidades antes citadas exixirá a aprobación do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, segundo a norma de desenvolvemento correspondente, e implicará a liquidación de tal actividade e, se é o caso, a disolución e liquidación da sociedade de prevención afectada ou a transmisión por parte da mutua de toda a súa participación na devandita sociedade de prevención a un terceiro; en tal caso, a sociedade resultante estará suxeita ás obrigas e limitacións específicas previstas na norma de aplicación. O remanente resultante integrárase no patrimonio histórico da mutua a que se refire o artigo 3. No prazo de tres meses desde a finalización da operación, a Intervención Xeral da Seguridade Social realizará unha auditoría sobre o proceso liquidatorio ou de transmisión, que se lle elevará ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para os efectos procedentes.»

Dous. Engádesse un último parágrafo ao punto 3 do artigo 37, coa seguinte redacción:

«Así mesmo, deberán coñecer os criterios de actuación da mutua no desenvolvemento das funcións preventivas levadas a cabo ao amparo do establecido no artigo 32 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, serán informadas da xestión desenvolvida e poderán propoñer cantas medidas se coiden necesarias para o mellor cumprimento das citadas funcións.»

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento dos servizos de prevención.*

Engádesse un parágrafo segundo ao artigo 22 do Regulamento dos servizos de prevención, aprobado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, coa seguinte redacción:

«Tales funcións son distintas e independentes das correspondentes á colaboración na xestión da Seguridade Social que teñen atribuídas en virtude do previsto no artigo 68 do texto refundido da Lei

xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.»

Disposición transitoria primeira. *Adaptación da actuación das mutuas como servizo de prevención alleo ao disposto na nova redacción do artigo 13 do Regulamento xeral sobre colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.*

As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social que no momento da entrada en vigor deste real decreto desenvolvan directamente actividades como servizos de prevención alleos, ao abeiro do disposto no artigo 32 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, deberán optar por adaptar o desenvolvemento da devandita actividade ao disposto no artigo 13.2 do Regulamento xeral sobre colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, ou por cesar na devandita actividade, todo iso de acordo co previsto nesta disposición transitoria, así como nas disposicións transitorias segunda, terceira e cuarta e demais normativa de aplicación e desenvolvemento.

Corresponderalle á xunta xeral da mutua o exercicio da devandita opción; para tal efecto, terá que ser convocada para a adopción da correspondente decisión dentro dos sete primeiros meses do exercicio 2005. Non obstante, a xunta directiva da mutua poderá adoptar provisionalmente o acordo de continuación ou cesamento da actividade, para os efectos de iniciar os trámites previstos nas disposicións transitorias segunda, terceira e cuarta.

Disposición transitoria segunda. *Tramitación do expediente de autorización da continuación da actividade mediante a cesión a unha sociedade de prevención.*

1. A continuación das actividades da mutua como servizo de prevención alleo a través dunha sociedade de prevención requirirá a autorización do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, para o cal se deberá tramitar o correspondente expediente de segregación respecto da actividade preventiva a que se refire o artigo 13.1 do Regulamento xeral sobre colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, ante a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social. Para tal efecto, a mutua deberá formular a correspondente solicitude no prazo máximo dun mes desde a adopción do acordo a que se refire o parágrafo segundo da disposición transitoria primeira, á cal lle deberá xuntar a seguinte documentación:

a) Unha certificación do acordo adoptado pola xunta xeral da mutua en relación coa continuación de actividades, onde se manifeste expresamente a vontade da mutua de constituír unha sociedade de prevención, todo iso condicionado á obtención da preceptiva autorización administrativa.

Sen prexuízo do anterior, o expediente administrativo de segregación poderase iniciar por un acordo adoptado pola xunta directiva da mutua no mesmo sentido, o que se fará constar mediante unha certificación expedida para o efecto. A certificación do acordo que ao respecto adopte a xunta xeral da mutua consonte o previsto no parágrafo anterior poderase achegar en calquera momento do procedemento antes da súa conclusión.

b) Unha memoria dos aspectos financeiros que afectan a operación de separación. Esta memoria incluirá:

1.º Un balance de segregación, a 31 de decembro de 2004, do patrimonio histórico que se vaia transmitir á sociedade de prevención.

2.º Un balance, a 31 de decembro de 2004, do patrimonio histórico que vaia permanecer adscrito á colaboración na xestión da Seguridade Social.

3.º Un inventario detallado das contas de activo e pasivo do balance de segregación, rexistradas polo seu valor contable para os efectos da súa achega á sociedade de prevención.

c) Unha memoria sobre os aspectos de xestión que afectan a operación de segregación, que incluírá:

1.º Un inventario dos elementos patrimoniais de activo e pasivo afectos á actividade como servizo de prevención alleo, a 31 de decembro de 2004, en que se distingan os que pertencen ao patrimonio da Seguridade Social adscrito á mutua daqueles que pertencen ao seu patrimonio histórico.

2.º Un inventario dos locais e demais bens inmoables utilizados total ou parcialmente pola mutua na súa actividade como servizo de prevención alleo, en que se distingan aqueles pertencentes ao patrimonio da Seguridade Social adscrito á mutua, aqueles pertencentes ao seu patrimonio histórico e os pertencentes a terceiros e utilizados en réxime de arrendamento.

3.º No suposto de que a mutua pretenda acollerse ao previsto no inciso primeiro do parágrafo terceiro do punto 4 desta disposición transitoria, deberá incluír relación dos bens mobles e inmoables e dereitos pertencentes ao patrimonio da Seguridade Social adscrito á mutua ou ao seu patrimonio histórico que a sociedade de prevención utilizará, a prezos de mercado, con posterioridade á segregación, así como os locais e demais bens inmoables pertencentes a terceiros e utilizados pola mutua total ou parcialmente nas súas actividades como servizo de prevención alleo, que seguirán sendo utilizados pola sociedade de prevención tras a segregación mediante a correspondente imputación do custo que estivese establecido pola devandita utilización.

4.º Un inventario detallado das relacións laborais e contractuais afectas á actividade como servizo de prevención alleo, a 31 de decembro de 2004, e que, se é o caso, serían obxecto de cesión á sociedade de prevención. Inclúese o correspondente acordo coa representación dos traballadores respecto daqueles que vaian pasar á citada sociedade e as súas condicións laborais ou, no seu defecto, a documentación acreditativa das negociacións efectuadas para a obtención do devandito acordo.

5.º Un inventario detallado de relacións laborais que quedarían afectas ao desenvolvemento das actividades preventivas establecidas no artigo 13.1 do Regulamento xeral sobre colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, ou a outras actividades da referida colaboración.

6.º O proxecto de estatutos da sociedade de prevención, para os simples efectos de comprobar que non contraveñen o previsto nesta disposición transitoria e no referido regulamento.

7.º Relación de negocios xurídicos subscritos pola mutua en que se subrogará a sociedade de prevención.

2. Presentada a solicitude de autorización xunto coa documentación sinalada anteriormente e aquela outra documentación que se estableza nas disposicións de aplicación e desenvolvemento, e logo de tramitación do correspondente expediente de segregación, no cal será preceptivo e determinante o informe da Intervención Xeral da Seguridade Social sobre o devandito proceso de segregación, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ditará a correspondente resolución administrativa, que

deberá ser motivada e notificarse á mutua interesada dentro dos seis meses seguintes á recepción da solicitude de autorización.

3. O traspaso da devandita actividade á sociedade de prevención, unha vez obtida a preceptiva autorización administrativa a que se refire o punto anterior, realizarase mediante achega da referida actividade á sociedade de prevención no momento da súa constitución ou en virtude dun aumento de capital a unha sociedade previamente constituída. Para estes efectos, desde o momento da presentación da solicitude de autorización a que se refire o punto anterior, as mutuas poderán constituír unha sociedade anónima ou de responsabilidade limitada destinada a converterse na sociedade de prevención, que terá un capital igual ao mínimo legalmente requirido para a forma social elixida. En ambos os supostos, o desembolso correspondente poderase realizar con cargo ao patrimonio histórico da mutua a que se refire o artigo 3 do Regulamento xeral sobre colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro.

En todo caso, a transmisión da actividade realizarase sen solución de continuidade, de tal forma que o exercicio das funcións como servizo de prevención alleo non se vexa prexudicado, nos termos seguintes:

a) A achega da actividade realizarase con data de efectos económicos do 1 de xaneiro de 2005, de tal forma que todas as operacións, pactos e contratos referentes á devandita actividade e os activos e pasivos afectados a ela realizados desde o 1 de xaneiro de 2005 pola mutua se entenderán por conta da sociedade de prevención.

b) A achega non será causa de resolución dos concertos subscritos pola mutua coas súas empresas asociadas ao abeiro do establecido no artigo 20 do Regulamento dos servizos de prevención, aprobado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, e a sociedade de prevención subrogarase en todos os dereitos e obrigas derivados dos mencionados concertos.

c) As relacións laborais do persoal afecto á actividade como servizo de prevención alleo existentes no momento da achega, logo do acordo ou das negociacións a que alude o punto 1.c).4.º, rexeranse polo disposto no artigo 44 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.

d) A sociedade de prevención quedará subrogada en todas as acreditacións obtidas pola mutua para os efectos de poder actuar como servizo de prevención alleo.

4. Unha vez obtida a autorización a que se refire o punto 2, a mutua procederá a formalizar a cesión da actividade como servizo de prevención alleo á sociedade de prevención mediante o outorgamento da correspondente escritura pública, que se inscribirá, cando proceda, no Rexistro Mercantil correspondente, de acordo coa lexislación mercantil aplicable.

Unha vez concluído o proceso de segregación mediante o outorgamento da escritura pública anteriormente referida, as mutuas e as sociedades de prevención por elas constituídas non poderán utilizar para o desenvolvemento das funcións correspondentes aos servizos de prevención os medios humanos e materiais e inmateriais adscritos á colaboración na xestión da Seguridade Social.

O anterior entenderase sen prexuízo da posibilidade de utilización de bens mobles e inmoables e dereitos adscritos á colaboración adscritos á colaboración na xestión da Seguridade Social, por un prazo máximo de tres anos a partir da data da referida escritura pública, nos termos e condicións que se establezan nas disposicións de aplicación e desenvolvemento. Ao termo do devandito prazo, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais poderá autorizar, excepcionalmente, a utilización polas sociedades de pre-

vención dalgúns dos referidos bens e dereitos por un prazo adicional máximo de dous anos, sempre que concorran circunstancias que así o aconsellen; para tal efecto, deberase formular a correspondente solicitude cunha antelación mínima de seis meses, á cal se xuntará a documentación acreditativa da concorrencia de tales circunstancias e do actuado para se adecuar ao previsto no parágrafo anterior, así como o correspondente plan para a súa adaptación ao establecido nel, cos obxectivos concretos e prazos de execución.

Se, unha vez esgotado o prazo adicional establecido no parágrafo anterior, algunha mutua acredítase a imposibilidade de levar a cabo a segregación ou os graves prexuízos que diso derivarían, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais poderá conceder, con carácter excepcional e exclusivamente polo que á especialidade de vixilancia da saúde se refire, prórrogas anuais do prazo indicado, sen que excedan de tres. Para iso deberase formular, para cada unha das devanditas prórrogas, a correspondente solicitude cunha antelación mínima de tres meses, á cal se xuntará a documentación acreditativa da imposibilidade ou dos prexuízos antes citados, xunto coa establecida no inciso final do parágrafo anterior.

Os actos de disposición sobre os referidos bens e dereitos pertencentes ao patrimonio da Seguridade Social rexeranse polo disposto no Real decreto 1221/1992, do 9 de outubro, sobre o patrimonio da Seguridade Social. Cando tales actos afecten bens e dereitos integrantes do patrimonio histórico, deberán realizarse a prezo de mercado e requirirán a autorización previa do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, para a que será preceptivo e determinante o informe da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Durante o período transitorio antes indicado, os directores-xerentes das mutuas poderán desenvolver, ademais das funcións propias do seu cargo, as relativas á administración, xestión e dirección nas sociedades de prevención. A xunta directiva da mutua acordará as retribucións do director-xerente polas funcións desempeñadas na mutua, tendo en conta as retribucións que puidese percibir da sociedade de prevención.

5. Ata que conclúa o proceso de segregación e cesión á sociedade de prevención previsto nesta disposición transitoria, as mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social poderán seguir desenvolvendo a súa actividade como servizo de prevención alleo nos termos actuais, utilizando de forma transitoria os medios humanos, materiais e inmateriais adscritos ao programa de actividades de prevención da entidade na cobertura das continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social; igualmente, manterase a correlativa obriga de lles imputar ás contas que soporten os gastos das actividades como servizo de prevención o custo da súa utilización, conforme os criterios, termos e condicións establecidos na Orde do 22 de abril de 1997, pola que se regula o funcionamento das mutuas no desenvolvemento de actividades de prevención de riscos laborais, e nas disposicións de aplicación e desenvolvemento.

Disposición transitoria terceira. Tramitación do expediente de autorización da continuación da actividade mediante unha organización específica.

1. Cando a mutua opte pola continuación da actividade mediante a modalidade regulada no artigo 13.4 do Regulamento xeral sobre colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, a tramitación e resolución do correspondente expediente, así como o proceso de segregación conseguinte, rexeranse polo establecido nos

puntos 1, 2 e 5 da disposición transitoria segunda, coas particularidades que se establezan nas disposicións de aplicación e desenvolvemento, ben que as referencias que neles se efectúan á sociedade de prevención se entenderán realizadas á organización específica.

2. En todo caso, o proceso de segregación deberá estar concluído no prazo máximo dun ano desde a data de aprobación. Unha vez esgotado o devandito prazo, as mutuas non poderán utilizar para o desenvolvemento das funcións correspondentes aos servizos de prevención os medios humanos e materiais e inmateriais adscritos á colaboración na xestión da Seguridade Social.

Disposición transitoria cuarta. Cesamento na prestación do servizo de prevención alleo.

1. No suposto de que a mutua opte por non continuar as actividades como servizo de prevención alleo, tal decisión requirirá autorización do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, para o cal se deberá tramitar o correspondente expediente de cesamento respecto do servizo de prevención alleo a que se refire a disposición transitoria primeira, ante a Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social. Para tal efecto, a mutua deberá formular a correspondente solicitude no prazo máximo dun mes desde a adopción do acordo a que se refire o parágrafo segundo da disposición transitoria primeira, á cal lle deberá xuntar a seguinte documentación:

a) Unha certificación do acordo adoptado pola xunta xeral da mutua sobre o cesamento de actividades do servizo de prevención alleo, en que se manifeste expresamente a vontade da mutua de non continuar coas devanditas actividades, todo iso condicionado á obtención da preceptiva autorización administrativa.

b) Unha memoria sobre os aspectos de xestión que afectan a operación de cesamento na prestación do servizo de prevención alleo, que incluirá:

1.º Un inventario detallado das relacións laborais e contractuais afectas á actividade como servizo de prevención alleo a 31 de decembro de 2004.

2.º Un inventario detallado de relacións laborais que están afectas ao desenvolvemento das actividades preventivas establecidas no artigo 13.1 do Regulamento xeral sobre colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, ou a outras actividades da referida colaboración.

3.º No suposto de reasignación de relacións laborais procedentes do servizo de prevención alleo ás actividades preventivas do referido artigo, unha relación detallada de traballadores afectados por esta situación.

4.º Unha relación de negocios xurídicos subscritos polas mutuas para o servizo de prevención alleo e proposta de rescisión daqueles.

5.º Unha relación de dereitos de cobramento e débedas con terceiros correspondentes ao servizo de prevención alleo.

2. Presentada a solicitude de autorización xunto coa documentación sinalada anteriormente e aqueloutra documentación que se estableza nas disposicións de aplicación e desenvolvemento, e logo de tramitación do correspondente expediente de cesamento, en que será preceptivo e determinante o informe da Intervención Xeral da Seguridade Social, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais ditará a correspondente resolución administrativa, que deberá ser motivada e notificarse á mutua interesada dentro dos seis meses seguintes á recepción da solicitude de autorización, e da que se lle dará traslado á autoridade laboral competente.

Disposición transitoria quinta. *Creación, modificación e supresión de centros e operacións patrimoniais.*

1. Ata que non sexan aprobados e conclúan os procesos de segregación de actividades regulados nas disposicións transitorias segunda e terceira, as solicitudes das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social de autorización para a creación, modificación ou supresión de instalacións e servizos sanitarios e recuperadores a que se refire o artigo 12.1 do Regulamento xeral sobre colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro, así como as solicitudes e comunicacións reguladas nos artigos 26 a 29 do citado regulamento, deberán ir acompañados necesariamente dunha memoria explicativa de que a operación correspondente carece de incidencia e non resulta afectada polos procesos de separación de actividades regulados nas disposicións transitorias segunda e terceira.

2. Cando a mutua opte pola modalidade de organización específica regulada na disposición transitoria terceira, non poderá subscribir novos concertos para o desenvolvemento de actividades preventivas, nin solicitar novas acreditacións como servizo de prevención alleo, ata que non sexa aprobado o proceso de segregación. Igualmente, durante o referido período tampouco poderán realizar as operacións patrimoniais reguladas nos artigos 26 a 29 do Regulamento xeral sobre colaboración na xestión das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, nin crear, modificar ou suprimir centros e instalacións, ou contratar persoal, en relación coas actividades preventivas, tanto das comprendidas na cobertura das continxencias profesionais como das correspondentes aos servizos de prevención.

Disposición transitoria sexta. *Acreditacións como servizo de prevención alleo.*

No prazo dun ano desde o outorgamento da escritura pública a que se refire o punto 4 da disposición transitoria segunda ou desde a aprobación do proceso regulado na disposición transitoria terceira, as mutuas deberánlle comunicar á autoridade laboral competente, para os efectos que procedan, as modificacións das condicións en que se baseou a súa acreditación como servizo de prevención alleo que sexan consecuencia da referida separación, todo iso de acordo co disposto no artigo 27 do Regulamento dos servizos de prevención, aprobado polo Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro. En todo caso, entenderanse subsistentes durante o citado prazo as acreditacións das mutuas como servizos de prevención alleos, así como, se é o caso, respecto das sociedades de prevención constituídas por elas.

Disposición transitoria sétima. *Garantía para o persoal.*

Se durante un período de cinco anos desde o outorgamento da escritura pública a que se refire a disposición transitoria segunda se producise o cesamento por imperativo legal das actividades que como servizo de prevención viñese desenvolvendo a mutua a través da correspondente sociedade de prevención, a mutua responderá subsidiariamente, con cargo ao seu patrimonio histórico e con cargo ao patrimonio da Seguridade Social adscrito, por esta orde, das obrigas que puidesen derivar respecto ao persoal cedido á referida sociedade, podendo optar pola readmisión ou devandito persoal no cadro de persoal da mutua.

Disposición transitoria oitava. *Adaptación dos estatutos.*

As mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social adaptarán os seus estatutos ao disposto neste real decreto. Esta adaptación deberase levar a cabo no prazo dos seis meses seguintes á data da resolución pola que se autorice a continuación da actividade como servizo de prevención alleo ou o cesamento na devandita actividade, que se regulan nas disposicións transitorias segunda, terceira e cuarta.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar cantas disposicións de carácter xeral sexan precisas para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de xuño de 2005.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,

JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

XEFATURA DO ESTADO

10069 *LEI 10/2005, do 14 de xuño, de medidas urxentes para o impulso da televisión dixital terrestre, de liberalización da televisión por cable e de fomento do pluralismo.* («BOE» 142, do 15-6-2005.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aparición da tecnoloxía dixital e a súa aplicación á transmisión e difusión dos servizos públicos de radiodifusión sonora e televisión supón un avance tecnolóxico de gran relevancia, que abre a posibilidade de lles ofrecer aos cidadáns unha oferta de maior calidade e de programación máis diversa e avanzada.

No contexto actual, en que a transición á televisión e radio dixital en España sufriu distintos avatares que viñeron atrasar a implantación e o despregamento de novos programas e servizos dispoñibles para todos os cidadáns, faise necesario articular medidas urxentes para favorecer a efectiva transición desde a tecnoloxía analóxica á dixital terrestre, ofrecerlles aos cidadáns a posibilidade de accederen a un maior número de programas e de servizos, con maior calidade e garantir a debida pluralidade da oferta en España.